



Facultade de Ciencias do Mar

Grao en Ciencias do Mar

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V10G060V01101	Bioloxía: Bioloxía I	1c	6
V10G060V01102	Física: Física I	1c	6
V10G060V01103	Matemáticas: Matemáticas I	1c	6
V10G060V01104	Química: Química I	1c	6
V10G060V01105	Xeoloxía: Xeoloxía I	1c	6
V10G060V01201	Bioloxía: Bioloxía II	2c	6
V10G060V01202	Física: Física II	2c	6
V10G060V01203	Matemáticas: Matemáticas II	2c	6
V10G060V01204	Química: Química II	2c	6
V10G060V01205	Xeoloxía: Xeoloxía II	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Bioloxía: Bioloxía I**

Materia	Bioloxía: Bioloxía I			
Código	V10G060V01101			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde Bioquímica, xenética e inmunoloxía			
Coordinador/a	Pasantes Ludeña, Juan José			
Profesorado	Miguel Villegas, Encarnación de Pasantes Ludeña, Juan José			
Correo-e	pasantes@uvigo.es			

Web

Descrición xeral Bioloxía I é unha das materias obrigatorias que se imparte no primeiro semestre do primeiro ano do Grao en Ciencias do Mar. Nesta disciplina expoñense os principios biolóxicos básicos asociados ao ámbito da bioloxía celular e da xenética, e profundízase:

- 1) na organización celular e tisular dos organismos vivos.
- 2) nas bases do seu desenvolvemento e da diferenciación celular.
- 3) na transmisión e caracterización do material hereditario.
- 4) nos aspectos básicos do proceso evolutivo e na orixe das especies.

No desenvolvemento da materia inclúense clases maxistras e de laboratorio. Coas clases maxistras preténdese enunciar e fixar no estudantado os conceptos básicos desta disciplina que se describen no apartado de obxectivos. As sesións de prácticas no laboratorio xunto coa posibilidade de realizar actividades tuteladas (foros, seminarios etc.) permitirán:

- 1) familiarizar ao alumnado coas técnicas histolóxicas básicas e coa identificación de mostras en microscopía óptica e electrónica.
- 2) resolver problemas prácticos vinculados ao campo da xenética e da bioloxía celular.

Competencias**Código**

- A1 Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- A2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- A3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- A4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
- A5 Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
- C1 Coñecer vocabulario, códigos e conceptos inherentes ao ámbito científico oceanográfico
- C2 Coñecer e comprender os feitos esenciais, conceptos, principios e teorías relacionadas coa oceanografía
- C3 Comprensión crítica da historia e do estado actual das Ciencias do Mar
- C5 Coñecemento básico da metodoloxía de investigación en oceanografía
- C6 Capacidade para identificar e entender os problemas relacionados coa oceanografía
- C11 Planificar usos do litoral e do medio mariño e xestión sustentable dos recursos
- C12 Manexar técnicas instrumentais aplicadas ao mar
- C13 Tomar datos oceanográficos, avalialos, procesalos e interpretalos con relación ás teorías en uso
- C14 Recoñecer e analizar novos problemas e propoñer estratexias de solución
- C15 Recoñecer e implementar boas prácticas científicas de medida e experimentación, tanto en campaña como en laboratorio
- C16 Planificar, deseñar e executar investigacións aplicadas desde a etapa de recoñecemento ata a avaliación de resultados e descubrimentos
- C18 Transmitir información de forma escrita, verbal e gráfica para audiencias de diversos tipos
- C20 Buscar e avaliar recursos de orixe mariña, de diversas clases
- C22 Controlar problemas de contaminación mariña

C25	Participar e asesorar en investigacións sobre clima mariño
C26	Planificar, dirixir e redactar informes técnicos sobre cuestións mariñas
C28	Impartir docencia no ámbito científico nos diferentes niveis educativos
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Comunicación oral e escrita nas linguas oficiais da Universidade
D4	Habilidades básicas do manexo do ordenador, relacionadas co ámbito de estudo
D6	Resolución de problemas
D8	Capacidade de traballar nun equipo
D11	Capacidade de aprender de forma autónoma e continua
D15	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Definir, buscar, organizar e elaborar traballos con información da materia	A1	C1	D1
2. Exercitarse no traballo cooperativo para a resolución de problemas.	A2	C2	D3
3. Utilizar ferramentas telemáticas e fontes diversas para a autoaprendizaxe	A3	C3	D4
BIOLOXÍA CELULAR	A4	C5	D6
4. Recoñecer a diversidade e organización das células e os tecidos	A5	C6	D8
5. Establecer relacións entre compartimentos celulares e funcións celulares		C11	D11
6. Diferenciar claramente as características da organización dos tecidos vexetais e animais		C12	D15
7. Establecer unha relación entre organización celular e función celular e tisular.		C13	
8. Manexar o microscopio óptico		C14	
9. Coñecer as técnicas xerais de tinción		C15	
10. Identificación de orgánulos celulares mediante microscopía electrónica e tecidos mediante microscopía óptica.		C16	
XENÉTICA		C20	
11. Valorar o papel que o ADN desempeña en todo-los procesos e disciplinas biolóxicas.		C22	
12. Comenzar a utilizar o método científico e tecnoloxías básicas de investigación en Xenética.		C25	
13. Exercitarse no planteamiento de hipóteses xenéticas e na estratexia de análise para a súa refutación.		C26	
		C28	
14. Manexa-los conceptos dos mecanismos de transmisión do material hereditario			
15. Coñece-las bases da estrutura molecular, regulación e expresión do material hereditario.			
16. Coñecer-los fundamentos da xenómica e as súas aplicacións biotecnolóxicas.			
17. Coñece-la orixe da diversidade biolóxica e a historia evolutiva das especies e as súas aplicacións			
Nova			

Contidos

Tema	
Biología Celular, 1.ª parte. Organización xeral das células eucariotas	Evolución celular. Endosimbiose: importancia evolutiva. Semellanzas e diferenzas das células animais e vexetais. Membranas celulares: composición. Propiedades funcionais. Membrana plasmática e superficie celular. Unión e adhesión celular. Comunicación celular. Citoplasma e orgánulos celulares (I): retículo endoplasmico, Golgi e lisosomas. Tráfico vesicular (II): peroxisomas, mitocondrias e cloroplastos. O citoesqueleto e o movemento celular. O núcleo: cromatina e cromosomas. O nucléolo.
Biología Celular, 2.ª parte. Fundamentos do desenvolvemento embrionario	O ciclo celular: interfase e fase M. Apoptose. Gametoxénese. Fecundación e desenvolvemento do cigoto. Especialización celular.
Biología Celular, 3.ª parte. Os tecidos	Tecidos animais. Tecido epitelial. Organización xeral e función. Tecido conxuntivo e derivados. Organización xeral. Tecidos conxuntivos especializados: características xerais do tecido cartilaxinoso, óseo e sangue. Tecido muscular. Tecido nervioso. A célula vexetal. Plantas vasculares: organización de tecidos no corpo da planta.
Xenética	Estructura, organización, replicación, alteracións e expresión do ADN. Herencia mendeliana e as súas variacións. Ligamento e recombinación. Tecnoloxías de ADN e as súas aplicacións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	39	78	117
Resolución de problemas e/ou exercicios	6.5	3.25	9.75
Prácticas de laboratorio	6.5	3.25	9.75
Outras	2	11.5	13.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, por parte do profesorado, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, das bases teóricas e/ou directrices dun traballo, do exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas de Xenética
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais cun equipamento especializado (laboratorios, aulas de informática etc.).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Os profesores da materia realizarán unha valoración continua do rendimento académico do alumno en base a súa participación nas sesións de prácticas.
Sesión maxistral	Os profesores da materia realizarán unha valoración continua do rendimento académico do alumno, en base a súa participación nas sesións de teoría e a súa intervención ns distintas actividades ofertadas a través da plataforma de tele-enseñanza.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os profesores da materia realizarán unha valoración continua do rendimento do alumno en base a súa participación nas sesións de resolución de exercicios e na calidade da resolución dos exercicios propostos ó longo do curso.
Probas	Descrición
Outras	As tutorías ofertadas po-lo profesorado así como a comunicación mediante correo electrónico ou outros medios, permitirán establecer unha comunicación fluida có alumnado que o requira. Horario de tutorías: Encarnación de Miguel: Martes, mércores e xoves de 10:00 h a 12:00 h Juan J Pasantes: Luns de 10:00 h a 13:00 h e de 15:00 h a 18:00 h

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas de xenética	10	A1 C1 D1 A2 C2 D3 A3 C3 D4 A4 C5 D6 A5 C6 D8 C11 D11 C12 D15 C13 C14 C15 C16 C18 C20 C22 C25 C26 C28

Outras	Exame final: a avaliación da materia Bioloxía I realizarase mediante un exame escrito no que se valorarán globalmente os coñecementos da disciplina. Nesta proba avaliaranse os contidos, teóricos e prácticos, obtidos nas clases presenciais e nas actividades de aprendizaxe efectuadas ao longo do curso. Poderán incluírse preguntas destinadas a cualificar coñecementos específicos (test de resposta múltiple e/ou preguntas de resposta concreta), preguntas de desenvolvemento amplo e preguntas dirixidas á identificación e interpretación de figuras (imaxes histolóxicas, rexistros gráficos etc.), así como a resolución de problemas de xenética. Exame final. Bioloxía Celular 50% Xenética 40%	90	A1	C1	D1
			A2	C2	D3
			A3	C3	D4
			A4	C5	D6
			A5	C6	D8
				C11	D11
				C12	D15
				C13	
				C14	
				C15	
				C16	
				C18	
				C20	
				C22	
				C25	
				C26	
	C28				

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia, é requisito imprescindible alcanzar un mínimo de 2 puntos en cada un dos dous bloques que compoñen a materia (Xenética e Bioloxía Celular). Pola contra a cualificación numérica máxima a reflectir na Acta será 4,9.

No caso de que a valoración final da materia non alcance o aprobado (5 puntos), pero que se supere ou iguale o valor de 2,5 nun dos dous bloques (Xenética ou Bioloxía Celular), manterase esta puntuación para a segunda edición (xullo) de exame do curso, sempre e cando o alumno exprese explicitamente a súa conformidade.

Para a segunda edición (xullo), a nota do Exame Final correspondente á parte de Xenética ten un peso do 40% e as outras actividades da parte de Xenética teñen un peso total de 10%

Os alumnos suspensos en cursos anteriores ao actual, deberán participar en todas as actividades a realizar nas sesións de aula e laboratorio.

A copia ou plaxio nas distintas actividades que integran a avaliación por parte do alumno, poderá supoñer a non cualificación da actividade e/ou da materia na súa totalidade.

Bibliografía. Fontes de información

- Sadava / Heller / Orians / Purves / Hillis, **VIDA La Ciencia de la Biología**, 8ª Edición,
Campbell N. A. & Reece J. B., **1. BIOLOGÍA**, Editorial Médica Panamericana, 7ª edición (2007),
Benito C, Espino FJ, **2. GENÉTICA**, Editorial Panamericana (2012),
Krebs JE, Goldstein ES, Kilpatrick ST, **1. LEWIN GENES**, Editorial Panamericana, 2ª edición (2012),
Alberts B., **2. BIOLOGÍA MOLECULAR DE LA CÉLULA**, Editorial Omega.5ª ed. (2010),
Russell PJ, **3. iGENETICS. A molecular approach**, Editorial Pearson Education, 3ª edición (2013),
Becker W. M., Kleinsmith L. J. & Hardin J., **4. THE WORLD OF THE CELL**, Editorial Benjamin Cummings, San Francisco 8ª ed. (2012),
Ross M.H. & Kaye G.I., **5. HISTOLOGÍA : TEXTO Y ATLAS COLOR CON BIOLOGÍA CELULAR Y MOLECULAR**, Madrid : Editorial Médica Panamericana, 6ª Ed. (2012),
Gilbert S.F., **6. BIOLOGÍA DEL DESARROLLO**, Editorial Médica Panamericana, 7ª Ed. (2005),

Recomendacións

Materias que continúan o temario

- Bioloxía: Bioloxía II/V10G060V01201
Recursos xenéticos mariños/V10G060V01907

Outros comentarios

O estudo da materia dun modo continuado capacitará ao alumnado para participar de forma activa no seu desenvolvemento. Recoméndase mostrar un interese real pola disciplina, que poida verse reflectido na actitude do estudantado ao longo do curso e na aptitude asociada á adquisición de coñecementos. O coñecer, comprender, reflexionar e razoar sobre as nocións básicas da materia serán imprescindibles para participar nas distintas actividades propostas polo profesorado e ser avaliado positivamente nela.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Física: Física I**

Materia	Física: Física I			
Código	V10G060V01102			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Física aplicada			
Coordinador/a	Mato Corzón, Marta María			
Profesorado	Mato Corzón, Marta María Souto Torres, Carlos Alberto			
Correo-e	fammmc@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral A Física, como disciplina científica, ocúpase, en xeral, da descrición dos compoñentes das materias e das súas interaccións mutuas, desenvolvendo teorías que, de maneira formal e consistente, teñan un acordo co coñecemento empírico da realidade. Desde unha definición tan ampla, pódense adoptar distintas perspectivas ou niveis de aplicación, desde os fenómenos microscópicos (a escala atómica) aos macroscópicos, que dan lugar ás súas distintas ramas. A Física, deste xeito, é base precursora de incontables aplicacións científicas e tecnolóxicas e, en particular para o estudante de Ciencias do Mar, é indispensable como base e como ferramenta para comprender posteriores desenvolvementos e teorías que se tratarán especificamente noutras materias do plan de estudos da titulación. Coñecer e aplicar as leis e principios que marca a Física, permitirá analizar e interpretar o medio mariño, así como deseñar modelos relacionados con el. Ademais, é importante comprender os conceptos físicos fundamentais para así entender os principios de traballo dos instrumentos e así aplicar distintas técnicas de medida e control.

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Coñecer vocabulario, códigos e conceptos inherentes ao ámbito científico oceanográfico
C2	Coñecer e comprender os feitos esenciais, conceptos, principios e teorías relacionadas coa oceanografía
C5	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación en oceanografía
C6	Capacidade para identificar e entender os problemas relacionados coa oceanografía
C14	Recoñecer e analizar novos problemas e propoñer estratexias de solución
C15	Recoñecer e implementar boas prácticas científicas de medida e experimentación, tanto en campaña como en laboratorio
C17	Saber traballar en campañas e en laboratorio de xeito responsable e seguro, fomentando as tarefas en equipo
C18	Transmitir información de forma escrita, verbal e gráfica para audiencias de diversos tipos
C29	Destreza no uso práctico de modelos, incorporando novos datos para a validación, mellora e evolución dos mesmos
D1	Capacidade de análise e síntese
D6	Resolución de problemas

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Comprender a necesidade dun sistema referencia para describir un movemento. Comprender os fundamentos da descrición do movemento e das súas causas. Identificar os diferentes tipos de movementos. Saber como expresar gráficamente algunhas observacións.	A4	C1 D1
	A5	C2 D6
		C5
		C6
		C14
		C15
		C17
		C18
		C29
Desenvolver os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.		

2. Identificar o ámbito de aplicación da mecánica clásica. Comprender os sistemas de partículas e o sólido ríxido. Resolver problemas mecánicos utilizando as leis de Newton e as leis de conservación.	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6
3. Comprender e utilizar en situacións concretas de forma cuantitativa os conceptos fundamentais relativos á enerxía (non térmica). Recoñecer as transformacións de enerxía para explicar algúns fenómenos cotiáns. Identificar a enerxía cinética e a enerxía potencial en diferentes situacións. Explicar a conservación da enerxía mecánica e saber recoñecela en situacións simples. Recoñecer o traballo como unha forma de intercambio de enerxía. Resolver problemas relacionados co traballo, potencia e conservación da enerxía mecánica. Avaliar a importancia do aforro de enerxía.	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6
4. Coñecer e comprender a cinemática e a dinámica do oscilador harmónico simple e do péndulo simple, ademais do oscilador harmónico amortecido e forzado e o fenómeno da resonancia.	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6
5. Coñecer a evolución das ideas sobre o universo ao longo da historia. Coñecer a lei da Gravitación Universal, comprender o seu alcance e saber aplicala no ámbito celeste e terrestre. Comprender a relación entre as propiedades dun planeta e o peso dun corpo na súa superficie.	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6
6. Recoñecer cuantitativamente as particularidades da Terra como sistema de referencia, os seus movementos e os da Lúa así como as forzas que exercen. Aplicar os coñecementos adquiridos para entender e explicar algúns fenómenos observables, como a duración das distintas estacións do calendario, as fases da Lúa, as mareas,..	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6
7. Coñecer as características básicas dos medios continuos.	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6

Contidos

Tema

1. Cinemática da partícula.	1.1. O vector de posición e a traxectoria. Velocidade, celeridade e aceleración (media e instantánea). 1.2. Compoñentes intrínsecas da aceleración (normal e tanxencial) e a súa interpretación. 1.3. Movemento da partícula no espazo. Análise dos tipos de movementos. 1.4. Cambio de sistema de referencia; o movemento relativo. Translación e rotación dos eixos de referencia. Velocidade e aceleración de arrastre e relativas.
-----------------------------	---

2. Dinámica newtoniana.	<p>2.1. Introducción: A dinámica como parte da física.</p> <p>2.2. Dinámica do punto material: Principios da dinámica ou leis de Newton. Momento lineal. Impulso mecánico. Teorema de conservación do momento lineal. Momento angular e a súa conservación. Forzas centrais. Dinámica do movemento circular.</p> <p>2.3. Dinámica dos sistemas de partículas: Tipos de sistemas; forzas interiores e exteriores. Centro de masas dun sistema de partículas. Movemento dun sistema de partículas. A segunda lei de Newton para un sistema de partículas. Momento lineal dun sistema de partículas. Principio de conservación do momento lineal para un sistema de partículas e aplicacións. Momento angular dun sistema de partículas. A conservación do momento angular para un sistema de partículas.</p> <p>2.4. Dinámica do sólido ríxido: Dinámica de rotación. Momento de inercia dun sólido ríxido respecto un eixo. Cálculo de momentos de inercia. Teorema de Steiner. Momento cinético de rotación. Impulso angular. Principio de conservación.</p>
3. Traballo e enerxía	<p>3.1. As distintas formas de enerxía. Definicións de traballo, potencia e enerxía.</p> <p>3.2. Enerxía mecánica, cinética e potencial. Teorema das forzas vivas. Conservación da enerxía mecánica.</p> <p>3.3. Enerxía mecánica, cinética e potencial dun sistema de partículas.</p> <p>3.4. Teorema das forzas vivas e Teorema de conservación da enerxía mecánica para un sistema de partículas.</p> <p>3.5. Enerxía cinética de rotación.</p>
4. Movemento harmónico simple.	<p>5.1. O movemento harmónico simple. Cinemática do oscilador harmónico; a súa representación mediante vectores rotantes.</p> <p>5.2 Dinámica do oscilador harmónico e a súa interpretación física. Enerxía dun oscilador harmónico.</p> <p>5.2. O péndulo simple.</p> <p>5.3. Noción de oscilador forzado: resposta en frecuencia e resonancia.</p> <p>5.4. Análise de Fourier do movemento periódico.</p>
5. Elementos do campo gravitatorio; aplicación á Terra.	<p>7.1. Evolución histórica.</p> <p>7.2. Lei de Newton da gravitación universal.</p> <p>7.3. Campo e potencial gravitatorio terrestres. A aceleración gravitatoria local.</p> <p>7.4. Movemento dos planetas e satélites.</p>
6. A Terra como sistema de referencia; movementos da Terra e a Lúa.	<p>6.1. Os movementos da Terra no espazo. As estacións. As fases da Lúa.</p> <p>6.2. Dimensións e coordenadas terrestres.</p> <p>6.3. O sistema de referencia local como sistema en rotación. Aceleracións de inercia.</p> <p>6.4. A aceleración de Coriolis.</p> <p>6.5. A aceleración centrífuga e a aceleración terrestre. O xeopotencial.</p> <p>6.6. Teoría newtoniana do equilibrio das mareas, o elipsoide mareal.</p>
7. Medios continuos	<p>7.1. Introducción, clasificación cualitativa dos materiais.</p> <p>7.2. Elasticidade. Deformación de cizalladura.</p> <p>7.3. O tensor de tensións ou tensor de esforzos.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	6	21
Sesión maxistral	30	50	80
Seminarios	7	25	32
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	14	15
Informes/memorias de prácticas	1	0	1
Probas de resposta curta	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Realización de diversas prácticas de laboratorio nas que o alumnado adquirirá coñecementos básicos sobre o procedemento experimental en física, así como do cálculo de erros na medida. A asistencia ás prácticas de laboratorio e a entrega, en tempo e forma, da memoria correspondente é obrigatoria para superala materia no ano en curso.

Sesión maxistral	Exposición e explicación dos diversos conceptos físicos e das distintas leis coas que se relacionan, mostrando a maneira de alcanzar os obxectivos e facendo fincapé naqueles aspectos que resulten máis problemáticos e difíceis. Resolución dalgúns exemplos prácticos para apoiar as explicacións teóricas.
Seminarios	Resolución de diversos problemas relacionados co visto nas clases de teoría, dúbidas e conceptos de difícil comprensión. Propóranse problemas dos boletíns que o alumno debe resolver de forma autónoma. A asistencia aos seminarios e a entrega dos boletíns propostos, é obrigatoria para superar a materia no ano en curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	O profesor resolverá aquelas dúbidas que se presenten ao alumnado na resolución dos problemas. Adicionalmente, e de forma individualizada, o alumno poderá asistir a titorías os luns e martes de 9:30 a 11:30.
Prácticas de laboratorio	O profesor resolverá aquelas dúbidas que se presenten ao alumnado no laboratorio sobre o material utilizado, para que serve e como se usa correctamente, o procedemento experimental empregado, a análise de resultados, as ferramentas informáticas necesarias,...Adicionalmente, e de forma individualizada, o alumno poderá asistir a titorías os luns e martes de 9:30 a 11:30.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cualificarase a asimilación de coñecementos do alumnado cunha proba escrita de resolución de varios problemas e/ou cuestións relacionadas cos coñecementos desenvolto durante o curso.	70	A4 A5	C1 C2 C6 C14 C18 C29	D1 D6
Informes/memorias de prácticas	Avaliarase a asistencia e destreza no laboratorio así como a memoria de prácticas de laboratorio realizada polo estudiantado.	20	A4 A5	C1 C2 C5 C6 C14 C15 C17 C18 C29	D1 D6
Probas de resposta curta	Realizarase unha proba de resolución de problemas semellantes os resoltos nos seminarios.	10	A4 A5	C1 C2 C6 C14 C18 C29	D1 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta.

Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (i.e. copia e/ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecemento ou destreza alcanzado por un/a alumno/a en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado con este propósito. Esta conduta fraudulenta será sancionada coa firmeza e rigor que establece a normativa vixente.

Bibliografía. Fontes de información

M. Alonso y E.J. Finn, **Física, Vol. 1**, Ed. Addison Wesley Iberoamericana, 2000,
R. A. Serway y J. W. Jewett, **Física para Ciencias e Ingeniería**, Ed. Thomson, 2005,
P. A. Tipler y G. Mosca, **Física para la Ciencia y la Tecnología, Vol. 1**, Ed. Reverté, 2006,
S. Burbano de Ercilla, E. Burbano y C. Gracia, **Problemas de Física**, Ed. Tébar, 2006,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Física: Física II/V10G060V01202

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Matemáticas: Matemáticas I/V10G060V01103

Outros comentarios

Recoméndase asistir e utilizar as titorías para resolver calquera dúbida relacionada coa materia, aclarar os conceptos de teoría e como axuda na resolución de problemas. O horario será os luns e martes de 9:30 a 11:30.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Matemáticas: Matemáticas I				
Materia	Matemáticas: Matemáticas I			
Código	V10G060V01103			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Vazquez Pampin, Carmen Besada Morais, Manuel			
Profesorado	Besada Morais, Manuel Mirás Calvo, Miguel Ángel Vazquez Pampin, Carmen			
Correo-e	mbesada@uvigo.es cvazquez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia Matemáticas I, na titulación de Grao en Ciencias do Mar, ten como función primordial proporcionarlle ao alumnado a linguaxe, os coñecementos e as principais técnicas matemáticas básicas que precisará tanto na súa formación como no exercicio profesional.			
	Contribuirá a desenvolver o razoamento lóxico para a resolución de problemas, a capacidade de análise de datos, a interpretación de resultados e a síntese de conclusións. Fomentarase a participación, a colaboración e o espírito crítico.			
	Buscarase a comprensión e o manexo dos conceptos e as técnicas fundamentais de álgebra lineal e cálculo, así como a súa aplicación a diversas áreas de estudo do medio mariño.			

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C14	Recoñecer e analizar novos problemas e propoñer estratexias de solución
C18	Transmitir información de forma escrita, verbal e gráfica para audiencias de diversos tipos
C28	Impartir docencia no ámbito científico nos diferentes niveis educativos
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Comunicación oral e escrita nas linguas oficiais da Universidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir algúns conceptos básicos de álgebra lineal (bases, matrices, determinantes, autovalores, formas cadráticas)	A4 A5	C14 C18 C28	D1 D3
Manexar con soltura técnicas de cálculo de autovalores dunha matriz cadrada e de determinación do signo dunha forma cadrática. Resolver os problemas en que se necesite aplicar as técnicas anteriores.	A4 A5	C14 C18 C28	D3
Comprender algúns conceptos básicos do cálculo diferencial: derivadas parciais, función continuamente diferenciable, regra da cadea, función definida implicitamente, extremo/óptimo de funcións escalares.	A4 A5	C14 C18 C28	D1 D3
Dominar a mecánica de cálculo de derivadas parciais de calquera orde, de aplicación da regra da cadea, de derivación de funcións definidas implicitamente, así como as técnicas de cálculo de óptimos/extremos con e sen restricións de igualdade. Aplicar as técnicas anteriores á resolución de problemas de optimización.	A4 A5	C14 C18 C28	D3
Coñecer as primitivas de funcións elementais e as principais técnicas de cálculo destas.	A4 A5	C14 C18 C28	D1 D3
Manexar a mecánica de cálculo das primitivas. Saber aplicar o cálculo integral á determinación de áreas, volumes, centros de gravidade, momentos de inercia, etc.	A4 A5	C14 C18 C28	D1 D3

Utilizar un programa informático de cálculo simbólico, para a resolución de problemas relacionados coa materia. A4 C14 D3
A5 C28

Contidos

Tema	
Álgebra lineal	Operacións con vectores no plano e no espazo. O espazo vectorial R^n . Matrices e determinantes. Operacións básicas con matrices e determinantes. Discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineares. Autovalores.
Cálculo en varias variables	Introdución ás funcións de varias variables. Funcións diferenciables. Regra da cadea. Derivación implícita. Derivadas de orde superior.
Optimización	Extremos e extremos condicionados de funcións escalares. Cálculo de extremos.
Integración de funcións	Integral de Riemann. Teorema fundamental do cálculo integral. Cálculo de primitivas. Aplicación ao cálculo de áreas. Integrais impropias.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	13	19.5	32.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	13	15.6	28.6
Seminarios	18	18	36
Prácticas en aulas de informática	8	5.2	13.2
Probas de resposta curta	4	8	12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	12	15
Traballos e proxectos	0	12.7	12.7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición das bases teóricas e orientación, por parte do profesorado, sobre os contidos da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Complemento das clases teóricas enfocado á resolución de exercicios que consoliden a aprendizaxe dos conceptos estudados nas sesións maxistras.
Seminarios	O estudantado resolve exercicios na aula, en pequenos grupos, baixo as directrices e a supervisión do profesorado e fai unha exposición da solución dos mesmos diante dos compañeiros do curso.
Prácticas en aulas de informática	Utilización dunha calculadora científica que axude a resolver os exercicios propostos nos seminarios e nas sesións maxistras. Desenvolveranse en aulas de informática.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Os estudantes demandaránlle o profesorado as aclaracións que estimen oportunas para comprender mellor a materia e desenvolver con éxito as tarefas propostas. Farase tamén un seguimento do traballo individual do alumno.
Prácticas en aulas de informática	Os estudantes demandaránlle o profesorado as aclaracións que estimen oportunas para comprender mellor a materia e desenvolver con éxito as tarefas propostas. Farase tamén un seguimento do traballo individual do alumno.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminarios	Valorarase o grao de consolidación das competencias que se analicen en cada sesión. O alumnado entregará unha serie de exercicios baixo as condicións e tempo establecidos polo profesorado.	25	A4 C14 D1 A5 C18 D3 C28
Prácticas en aulas de informática	Proba en que o alumnado debe resolver algúns exercicios empregando o programa informático utilizado na aula.	5	A5 C28 D1

Probas de resposta curta	Probas, para avaliar as competencias adquiridas, que consisten nun cuestionario con preguntas tipo test e preguntas de resposta curta. Realizaranse catro probas deste tipo durante o curso (20% da cualificación final). Ademais, como parte dunha proba final que terá lugar ao finalizar o curso, realizarase outra proba sobre toda a materia, que tamén constará de preguntas tipo test e preguntas de resposta curta (20% da cualificación final).	40	A5		D1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba que constará de preguntas teóricas e exercicios que o estudantado responderá organizando e presentando, de maneira extensa, os coñecementos que ten sobre a materia. Realizarase unha proba deste tipo ao finalizar o curso.	20	A4 A5	C14 C18	D1 D3
Traballos e proxectos	Participación en todas as actividades propostas polo profesorado, sexan estas para realizar dentro ou fóra da aula.	10	A4 A5	C18	D1 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Calquera estudante que, durante o curso, participe en probas de avaliación de dous ou máis temas do programa non poderá, en ningún caso, obter a cualificación de NON PRESENTADO.

Os estudantes que non superen a materia na convocatoria ordinaria, e pretendan facelo na convocatoria extraordinaria, manterán as cualificacións obtidas durante o curso en cada unha das probas de avaliación realizadas, salvo as cualificacións de práctica de laboratorio e as dúas probas realizadas a final de curso, que serán avaliadas no exame correspondente. Así mesmo, a cualificación dos exercicios resoltos entregados durante o curso poderá ser modificada a través dun traballo supervisado polo profesorado (neste caso, será necesario poñerse en contacto co profesorado con suficiente antelación para concretar o traballo a realizar).

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta.

Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (i.e. copia e/ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecemento ou destreza alcanzado por un/a alumno/a en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado con este propósito. Esta conduta fraudulenta será sancionada coa firmeza e rigor que establece a normativa vixente.

Bibliografía. Fontes de información

Besada, M.; García, F.J.; Mirás, M.A.; Quinteiro, C.; Vázquez, C., **Matemáticas á Boloñesa**, 2014,
 Adams, R.A., **Cálculo**, 2009,
 Besada, M.; García, J.; Mirás, M.; Quinteiro, C. e Vázquez, C., **Matlab: todo un mundo**, 2007,
 Besada, M.; García, J.; Mirás, M. e Vázquez, C., **Cálculo diferencial en varias variables**, 2011,
 Besada, M.; García, J.; Mirás, M.; Quinteiro, C. e Vázquez, C., **Matemáticas para Química**, 2008,
 Larson, R.; Edwards, B. H. e Falvo, D.C., **Álgebra lineal**, 2004,
 Larson, R.; Hostetler, R. e Edwards, B. H., **Cálculo (volumes I e II)**, 2000,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Matemáticas: Matemáticas II/V10G060V01203

Outros comentarios

Titorías individualizadas: os luns de 16h a 17h e os martes de 17h a 18h no despacho 28 do primeiro piso da facultade de Ciencias do Mar. Para concertar outro horario de titoría, falar co profesor.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Química: Química I**

Materia	Química: Química I			
Código	V10G060V01104			
Titulación	Grao en Ciencias do Mar			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Química Física Química orgánica			
Coordinador/a	Fernández Nóvoa, Alejandro			
Profesorado	Fernández Nóvoa, Alejandro Losada Barreiro, Sonia Silva López, Carlos			
Correo-e	afnovo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Química I introduce o alumnado de primeiro curso do Grao en Ciencias do Mar nos conceptos básicos das interaccións intermoleculares, a termodinámica química, os equilibrios químicos, a cinética química e unha introducción á reactividade química e á química orgánica.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Coñecer vocabulario, códigos e conceptos inherentes ao ámbito científico oceanográfico
C2	Coñecer e comprender os feitos esenciais, conceptos, principios e teorías relacionadas coa oceanografía
C12	Manexar técnicas instrumentais aplicadas ao mar
C15	Recoñecer e implementar boas prácticas científicas de medida e experimentación, tanto en campaña como en laboratorio
C17	Saber traballar en campañas e en laboratorio de xeito responsable e seguro, fomentando as tarefas en equipo
D6	Resolución de problemas
D15	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
- Saber nomear compostos químicos.	A1 A5	C1 C2	D6
- Calcular concentracións de disolucións.	A1 A5	C1 C2	D6 D15
- Identificar reaccións químicas de interese no medio mariño.	A1 A5	C1 C2	D15
- Coñecer e describir os distintos tipos de forzas intermoleculares.	A1 A5	C1 C2	D6
- Predecir as propiedades das sustancias en función do tipo de forzas intermoleculares que presenten.	A1 A5	C1 C2	D6 D15
- Definir enerxía interna, calor, traballo, entalpía, entalpía estándar, calorimetría, calor de disolución e calor de reacción, e saber como se calculan.	A1 A5	C1 C2 C12 C15 C17	D6 D15
Saber manexar as expresións dos equilibrios químicos para calcular a distribución das sustancias involucradas neles. Coñecer os factores que afectan o equilibrio e saber utilizar o principio de Le Chatelier.	A1 A5	C1 C2	D6 D15
- Definir pH e pOH, constante de acidez/basicidade, constante de hidrólisis, e saber como se calculan.	A1 A5	C1 C2 C12 C15 C17	D6 D15

- Coñecer as disolucións reguladoras e os distintos tipos de reaccións ácido-base e saber empregarlas.	A1 A5	C1 C2	D6 D15
- Definir solubilidade e produto de solubilidade, e saber como se calculan.	A1 A5	C1 C2 C12 C15 C17	D6 D15
